BASES LEGAIS, POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN CONCURSO FOTOGRÁFICO CLICK ODS

I. Obxecto do concurso

1. **Organizador**: O concurso "Click ODS" está organizado por **CPR Ayala** (en diante, "o Organizador"), con enderezo en **Rúa Cristobal Colón 71**, e correo de contacto **clickods@colegioayala.com**
2. **Nome do Concurso**: "Click ODS".
3. **Temática**: As fotografías deben representar de forma creativa a necesidade de cumprir **co ODS 13 Acción polo clima**.
4. **Finalidade**: Sensibilizar e difundir a importancia dos ODS, así como promover a creatividade a través da fotografía.

II. Periodo de participación

1. **Datas**:
    - **Data de inicio**: 07/04/2025
    - **Data límite**: 30/04/2025
2. **Publicación de gañadores**: O resultado comunicarase o **12/05/2025** e publicarase na web, Instagram e Facebook do Organizador, indicando **nome, apelidos e categoría**.

III. Requisitos de participación

1. **Participantes**:
    - Poderá participar **calquera persoa** de calquera idade.
    - Establécense tres categorías:
        1. **Infantil**: ata 10 anos.
        2. **Xuvenil**: de 11 a 17 anos.
        3. **Adulto**: 18 anos en diante.
2. **Participación de menores**:
    - No caso de **menores de 14 anos**, será **obrigatorio** xuntar no formulario de participación **a autorización de pai/nai/titor/a legal** debidamente asinada. Sen esta autorización, non se admitirá a participación.
    - Os participantes de **14 a 17 anos** deberán contar co consentimento dos seus proxenitores ou titores legais nos supostos que estableza a normativa.
3. **Número de fotografías**: Cada participante **poderá enviar unicamente unha (1) fotografía**.

4. **Fotografías sen rostros identificables**:
    - **Non** se admitirán fotografías en que **aparezan caras recoñecibles** de persoas. Calquera imaxe que permita a identificación dunha persoa será descartada.
5. **Formato da fotografía**:
    - Poderase enviar en **formatos habituais** de imaxe (JPEG, PNG, etc.).
    - Recoméndase unha **resolución mínima** de 1024×768 píxeles e un tamaño máximo de 5 MB.
6. **Orixinalidade e autoría**:
    - A fotografía deberá ser **orixinal e inédita** (non ter sido premiada noutros concursos).
    - O participante **garante** se-lo autor e non vulnerar dereitos de terceiros.
    - Se, excepcionalmente, a imaxe contivese algún elemento que puidese requirir autorización, o participante responsabilízase de contar cos permisos necesarios.
    - As fotografías realizadas mediante IA serán descalificadas.
7. **Breve texto xustificativo**:
    - Xunto coa fotografía, o participante deberá incluír no formulario un **breve texto** (máximo de 200 palabras) no que indique **por qué a imaxe representa a necesidade de cumprir o ODS 13 Acción polo clima**.

IV. Mecánica do concurso

1. **Inscrición e envío da fotografía**:
    - A participación realizarase **exclusivamente** a través do correo electrónico **clickods@colegioayala.com**
    - No correo electrónico, o participante deberá:
        - Indicar **nome**, **apelidos**, **idade e categoría** na que compite.
        - Expresar que lezou e acepta as presentes **bases legais** e a Política de **Protección de Datos.**
        - **Achegar a fotografía** no formato requirido.
        - Incluír un **breve texto xustificativo indicando por qué a imaxe representa o ODS**.
        - Se é **menor de 14 anos**, **achegar a autorización** asinada polo seu pai/nai/titor/a legal para participar no concurso.

2. **Selección de finalistas (preselección)**:
    - **O alumnado de 3ºESO** do Colexio Ayala realizará unha primeira **valoración** das fotografías recibidas (en cada categoría), elixindo as que considere máis destacadas.
3. **Elección de gañadores**:
    - As fotografías preseleccionadas enviaranse ao fotógrafo invitado, Edu Pereira, **xunto co nome e apelidos do autor e a categoría á que pertence**.
    - Valoraranse aspectos como a **creatividade**, a **calidade técnica**, a **adecuación ó ODS** e a **orixinalidade**.
4. **Premios**:
    - Entregaráselle **un trofeo** por cada unha das tres categorías (Infantil, Xuvenil e Adulto).
5. **Comunicación dos gañadores**:
    - Os gañadores publicaranse na **web**, **redes sociais** e/ou **taboleiro** do colexio, e notificaráselles por **correo electrónico**.
    - En caso de imposibilidade de contacto co gandor, vacante ou renuncia ao premio no prazo de 15 días, o organizador resérvase o dereito de designar un novo gañador ou deixar o premio deserto para esa categoría.

V. Propiedade intelectual e dereitos de uso

1. **Dereitos sobre as fotografías gañadoras**:
    - Os autores das fotografías gañadoras **ceden ao** organizador, de forma **non exclusiva** e **gratuíta**, os dereitos de **reprodución** e **comunicación pública** delas para a súa difusión en:
        - A páxina **web** do colexio.
        - **Redes sociais** oficiais (Instagram e Facebook).
        - **Exposicións** relacionadas co concurso (dixitais ou físicas).
    - Esta cesión limítase a **fins informativos, educativos e de promoción** do concurso, **sen ánimo de lucro** e sen limitación xeográfica.
    - Sempre se mencionará o **nome do autor** da fotografía gañadora cando se publique ou expoña a obra.
2. **Fotografías no gañadoras**:
    - As fotografías que **non resulten premiadas** conservaranse durante **un mes** despois da proclamación dos gañadores, exclusivamente para efectos de revisión ou consultas sobre o proceso.

- Transcorrido o dito prazo, procederase a **eliminalas** dos servidores e bases de datos do organizador, sen que se conserven nin se utilicen para ningún outro fin.

VI. Protección de Datos Persoais

1. **Responsable do tratamento**:
    - **CPR Ayala**, CIF F15043755, con domicilio en Rúa Cristóbal Colón 71, correo electrónico cpr.ayala@edu.xunta.gal.
2. **Datos recollidos**:
    - **Nome e apelidos**.
    - **Correo electrónico**.
    - **Idade** (para asignar a categoría correspondente).
    - En caso de **menores de 14 anos**, tamén se someterán datos de contacto e a autorización asinada do pai/nai/titor/a legal.
    - A **fotografía** xunta e o **texto xustificativo**, que poderían conter datos persoais (a aparición de caras recoñecibles na imaxe implica a descalificación do concurso e borrado automático da imaxe das nosas bases de datos).
3. **Finalidade do tratamento**:
    - **Xestiona-la** participación no concurso, valida-los requisitos e comunica-los resultados.
    - **Publicar** as fotografías gañadoras, e os datos mínimos dos autores (nome e apelidos, categoría e texto xustificativo) nos medios indicados (web, redes sociais, etc.).
    - Conserva-las fotografías e datos dos gañadores para os fins lexítimos do concurso (exposición e promoción).
4. **Base xurídica**:
    - O tratamento baséase no **consentimento expreso** dos participantes (ou dos seus titores legais, en caso de menores), e no interese **lexítimo** do Organizador de difundir a actividade e as fotografías gañadoras.
5. **Prazo de conservación**:
    - Os datos das fotografías **non gañadoras** eliminaranse no prazo de **1 mes** tras a proclamación dos gañadores.
    - Os datos das fotografías **gañadoras** conservaranse mentres persista a finalidade de difusión e exhibición, ou mentres o exixa a normativa aplicable.

6. **Destinatarios dos datos**:
    - Para a elección dos gañadores, enviaranse as fotografías finalistas **acompañadas unicamente do nome completo do autor/a e a súa categoría ao** fotógrafo invitado Edu Pereira.
    - Non se comunicarán datos a outros terceiros, salvo obriga legal.
7. **Dereitos dos participantes**:
    - Acceder, rectificar, suprimir, opoñerse, limitar o tratamento e solicitar a portabilidade dos seus datos.
    - Retirar o consentimento en calquera momento.
    - Para exercer estes dereitos, os interesados poden contactar o organizador a través do correo electrónico [dato] ou mediante o formulario da web.
    - Presentar unha reclamación ante a **Axencia Española de Protección de Datos (AEPD)** se consideran que os seus dereitos foron vulnerados.
8. **Menores de idade**:
    - Para menores de 14 anos, exixirase o consentimento e a autorización asinada do seu pai/nai/titor/a legal.
    - O organizador reserva para si o dereito de solicitar documentos que acrediten a idade ou a relación de tutela.

VII. Aceptación das bases e responsabilidade

1. **Aceptación das bases**:
    - A participación no concurso implica **a aceptación total** destas bases.
    - Coa marcación da casilla de **aceptación** no formulario da web, entenderase que o participante (ou o seu titor legal) declara coñecer **e aceptar** estas condicións.
2. **Responsabilidade**:
    - O organizador queda exento de calquera responsabilidade derivada da **infracción de dereitos de imaxe ou propiedade intelectual que o** participante puidese cometer.
    - O organizador non se responsabiliza de incidencias técnicas que impidan a correcta recepción das fotografías.
3. **Modificacións**:
    - O organizador reserva para si o dereito de **modificar, suspender ou cancela-lo** concurso por causas xustificadas (organizativas, técnicas, legais, etc.), comunicándoo nos mesmos medios onde se publicaron estas bases.

VIII. Lexislación e Foro

- Estas bases réxense pola lexislación española.
- Para calquera conflicto sobre a interpretación ou aplicación destas bases, as partes someteranse á xurisdicción que corresponda segundo a normativa vixente.